

ANUNCIO

CALENDARIO FISCAL 2022

Mediante resolución da alcaldía número 4 de 7 de xaneiro de 2022, aprobouse o calendario fiscal para o exercicio 2022. Os períodos voluntarios de ingreso son os seguintes:

Concepto	Exercicio e período	Período voluntario ingreso	Data de cargo domiciliados
IVTM	2022	15/03/2022-18/05/2022	01/04/2022
LIXO	2022/1 cuadrimestre	15/03/2022-18/05/2022	31/03/2022
LIXO	2022/2 cuadrimestre	14/07/2022-14/09/2022	01/08/2022
IBI URBANA	2022	01/09/2022-02/11/2022	01/09/2022
IBI RUSTICA	2022	01/09/2022-02/11/2022	02/09/2022
IBI BICES	2022	01/09/2022-02/11/2022	07/09/2022
IAE	2022	01/09/2022-02/11/2022	05/09/2022
VADOS	2022	01/09/2022-02/11/2022	06/09/2022
LIXO	2021/3 cuadrimestre	03/10/2022-05/12/2022	03/10/2022
CARGA E DESCARGA	2022	01/09/2022-02/11/2022	08/09/2022
PREZO PÚBLICO SAF	2022/mensual	Dous meses desde o fin da exposición pública	Primeiro día do período voluntario

SISTEMA ESPECIAL DE PAGO DO IBI

Primeiro prazo: 10/06/2022

Segundo prazo: 12/09/2022

INFORMACIÓN ADICIONAL

Modo de ingreso:

Os recibos domiciliados se cargarán directamente nas contas autorizadas polo contribuínte.

Para os recibos non domiciliados, o documento preciso para efectuar o ingreso enviarase ao domicilio fiscal do contribuínte, por correo postal ordinario. Este envío non ten carácter de notificación. A non recepción dos documentos de ingreso no domicilio do contribuínte non exime a éste da súa obriga de pago.

Se algún obrigado tributario non recibe no seu domicilio algún dos documentos de ingreso que precisa, poderá obtelo a través do correo electrónico recadacion@concelloderianxo.gal, chamando a Recadación no teléfono 981866661, ou de xeito presencial cando sexa posible.

Lugar, día e hora de ingreso:

- Os contribuíntes poderán efectuar o ingreso nas oficinas das seguintes entidades colaboradoras, dentro do horario de caixa que teñan establecido: ABANCA, BANCO SANTANDER, CAIXABANK; tamén en caixeiro automático ou por internet (se a entidade colaboradora elixida dispón deses servizos).
- O ingreso tamén poderá efectuarse a través da Sede electrónica do Concello de Rianxo (<https://concelloderianxo.gal/es/sede>), na opción de trámites/pagamento de recibos.

Referencias e importes de cobro :

Os documentos de ingreso inclúen dúas referencias de cobro con importes diferentes: A primeira é

válida durante o período voluntario de pago que se indica no recibo. A segunda é válida a partir do día seguinte ao remate do período voluntario de pago, e o importe que ten asociado inclúe o principal da débeda e a recarga executiva do 5%. Pasada a data de caducidade da segunda referencia, xa non se poderán utilizar estes documentos para realizar o ingreso da débeda, polo que deberá poñerse en contacto con Recadación.

ADVERTENCIA

Advírtese que transcorrido o período voluntario, as débedas esixiranse polo procedemento de constrinximento e deivindicaranse as recargas do período executivo, os xuros de mora, e, no seu caso, as costas que se produzan.

En Rianxo, a 11 de xaneiro de 2022

Adolfo Muíños Sánchez, alcalde do Concello de Rianxo